




FERVENZAS DE POIO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Poio- O Pereiro: 3,2 km
Poio-Rego dos Mouros: 3,6 km
A pé: 3 km

Dificultade: baixa
Duración: 2 horas



Pereiro

Dúas pequenas rutas para coñecer fervezas de Poio. Poderíase completar con outras rutas sinalizadas polo concello: a dos Muíños, en Samieira (10 km) e a dos Muíños da Freixa en Campelo.

1-Pereiro

No rego do Pereiro que nace nos montes do Castrove e desemboca na enseada de Campelo. O río e os seus afluentes baixan por un terreo encosta onde abundan os rápidos e saltos entre granitos e neis.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Sanxenxo, un pouco antes de chegar a Combarro, cóllese á dereita un indicador a Pereiro e Casalvito. Séguese cara a Pereiro de Abaixo e baixase pola segunda estrada indicada á dereita, crúzase unha ponte sobre o río e ao chegar á última casa cóllese á esquerda un camiño de terra que sube ao monte. Despois de camiñar uns 500 m e pasar un pozo que queda á dereita, báixase ao río por un sendeiro oculto entre a vexetación que chega a unhas casas abandonadas. Para ver a ferveza séguese un pouco río arriba.

2-Rego dos Mouros

Un río de percorrido curto e con gran desnivel que baixa do Castrove.

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Poio á Escusa crúzase o río e cara abaixo están os saltos e uns muíños abandonados. O acceso é complicado por estar cheo de mato.



Rego dos Mouros